



CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Ctra. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32.765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello.ateixeira@eidolocal.es

BASES PARA A SELECCIÓN DE TRES AUXILIARES PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE A TEIXEIRA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

1. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal para obra ou servizo determinado, polo Concello de A Teixeira, de tres traballadores para o posto de auxiliar do servizo de axuda no fogar.

Os contratos será a tempo parcial para obra ou servizo determinado, coa duración que deseguido se indica:

- Dúas auxiliares de axuda no fogar: 25 horas semanais de luns a venres (data prevista de inicio 02/01/2017 – data fin de contrato 29/12/2017).
- Unha auxiliar de axuda no fogar: 20 horas semanais fins de semana e festivos (data prevista de inicio 01/01/2017 – data fin de contrato 31/12/2017).

O contrato será financiado parcialmente por transferencias finalistas, de ciclo anual, da Consellería de Política Social e polo programa da Deputación Provincial de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos e mancomunidades en materia de Servizos Sociais Comunitarios.

2. POSTOS.

Número: tres

Categoría: auxiliar de axuda no fogar.

3. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso de méritos.

4. REQUISITOS.

Para tomar parte na selección, os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e no ter alcanzado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario



CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Ctra. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32.765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello.ateixeira@eidolocal.es

ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Estar en posesión de algunha das seguintes titulacións ou certificacións:

- Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto.

- Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais establecido polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto

- Título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, ou títulos equivalentes que establece o Real Decreto 777/1998, de 30 de abril.

- Título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado no Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro.

- Título equivalente de Técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, de 2 de maio.

- Calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

5. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os interesados poderán presentar as súas solicitudes, no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9:00 a 14:00, de luns a venres, podéndose utilizar calquera outro medio previsto na lexislación vixente. Se o quinto día fose festivo, o prazo finalizaría o seguinte hábil.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI, ou documento que proceda para cidadáns dalgún estado membro da Unión Europea.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Anexo II.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non



CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Ctra. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32.765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello.ateixeira@eidolocal.es

se terán en conta aqueles méritos alegados ou aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

A selección por concurso de méritos farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

- I. Por experiencia profesional: traballos realizados en labores similares ou análogos.
 - a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo: 0'15 puntos/mes máximo 5 puntos; acreditarse mediante certificación da Administración correspondente ou copia compulsada do/s contrato/s máis a vida laboral.
 - b) Por ter desempeñado na empresa privada o mesmo posto de traballo: 0'10 puntos/mes máximo 5 puntos; acreditarse mediante certificación da empresa ou copia compulsada do/s contrato/s máis a vida laboral

- II. Formación previa. Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios, ata un máximo de 3 puntos.

- Con duración de ata 30 horas..... 0'10 puntos cada un.
- Con duración de 31 a 100 horas..... 0'20 puntos cada un.
- Con duración superior a 100 horas...0,50 puntos cada un.

- III. Por acreditar o coñecemento da lingua galega:

Por estar en posesión da titulación acreditativa do Celga 1.....0,10 pto.
Por estar en posesión da titulación acreditativa do Celga 2.....0,20 pto.
Por estar en posesión da titulación acreditativa do Celga 3.....0,30 pto.
Por estar en posesión da titulación acreditativa do Celga 4.....0,40 pto.
Por estar en posesión da titulación acreditativa do Celga 5.....0,50 pto.

Tendo en conta que só puntuará un deles, o de maior puntuación.

- IV. Por dispor de permiso de condución B:...1 pto.

- V. Por dispor de vehículo propio:...1 pto.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia profesional. De persistir o empate terase en conta a puntuación en formación previa, despois ter o certificado de profesionalidade e por último a puntuación en coñecemento do galego. Se aínda así, persístese o empate se desempatará tendo en conta a data de entrada, o que antes presentase a solicitude.

Non serán obxecto de valoración os méritos que non estean suficientemente acreditados con documentación orixinal ou fotocopias debidamente autenticadas; ou que se presenten fóra do prazo establecido nas presentes bases.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dun auxiliar de axuda no fogar destas características, acudirá a dita bolsa seleccionando ao primeiro deles e soamente poderá seleccionar ao seguinte a este, sempre e cando aquel rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dean as



CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Ctra. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32.765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello.ateixeira@eidolocal.es

circunstancias de estar xa traballando ou enfermo, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria. Así mesmo, pasarase a chamar ao seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada da bolsa non xustifique a documentación requirida no punto oitavo das presentes bases, quedando excluído definitivamente da bolsa. A vixencia da presente bolsa de traballo será ata o 31.12.2017.

7. TRIBUNAL SELECCIONADOR.

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, dous vogais e un secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo o recollido no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, os que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O presidente do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario, esta última persoa con voz e voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

8. PROCESO DE SELECCIÓN.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos e excluídos, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará –no seu caso– a definitiva a lista de admitidos e excluídos. O tribunal valorará os méritos alegados polos candidatos presentados, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos aspirantes. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de



CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Ctra. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32.765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello.ateixeira@eidolocal.es

novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello.

Os candidatos propostos presentarán, dentro do prazo de cinco días hábiles contados a partires da publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Certificado médico oficial acreditativo de cumprir as condicións físicas e psíquicas específicas para o exercicio das funcións correspondentes ao posto ao que se opta. Se o Concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o aspirante proposto deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

A non presentación do devandito certificado será causa de non contratación do traballador seleccionado.

9. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Os candidatos seleccionados será contratado en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Até que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha. O acordo definitivo de contratación que adopte o Alcalde será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na lexislación vixente.

10. NORMA FINAL.

No non previsto nestas Bases ateranse ó disposto na lexislación vixente.

RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A Teixeira, 30 de novembro de 2016.

O alcalde

Miguel Antonio Cid Álvarez

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases compostas por 7 follas seladas foron aprobadas polo decreto do 30 de novembro de 2016.

O secretario-interventor

Jacobo Manuel Rayón Cedeira



CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Ctra. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32.765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello.ateixeira@eidolocal.es

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS PARA POSTO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME

DNI

TELÉFONO PARTICULAR

TELÉFONO MÓBIL

DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

MUNICIPIO E PROVINCIA

CÓDIGO POSTAL

CORREO ELECTRÓNICO

DECLARO:

- 1) Que coñezo na súa integridade as bases que rexen esta convocatoria.
- 2) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.
- 3) Que autorizo ó Concello de A Teixeira para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido no proceso selectivo de: (marcar cunha X o posto ou postos ao/aos que se opta)

- () Auxiliar de axuda no fogar: 25 horas semanais de luns a venres.
- () Auxiliar de axuda no fogar: 20 horas semanais fins de semana e festivos.

En caso de optar a ámbolos postos indicar a orde de preferencia:

- 1º.- _____

- 2º.- _____

Achegando ó presente escrito os méritos para seren valorados.

En A Teixeira, a de.....de.....

Asdo:.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A TEIXEIRA (OURENSE).



CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Ctra. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32.765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello.ateixeira@eidolocal.es

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/^a..... provisto/a de DNI
nº....., con domicilio na R/..... núm.
..... piso..... C.P.....
Localidade..... Municipio..... Provincia.....
..... Teléfono.....

Declaro baixo xuramento:

- Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órgano constitucional ou estatutario da Comunidade Autónoma.
- Que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial.
- Que non me atopo incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Que non padezo enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo.

En A Teixeira, a de.....de.....

Asdo:.....



CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Ctra. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32.765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello.ateixeira@eidolocal.es

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a..... provisto/a de DNI
nº....., con domicilio na R/..... núm.
..... piso..... C.P.....
Localidade,..... Municipio..... Provincia.....
..... Teléfono.....

DECLARO:

Que dispoño de coche para poder utilizalo para a prestación do servizo.

En A Teixeira, a de..... de.....

Asdo:.....



Ctra. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32.765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello.ateixeira@eidolocal.es

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

[illegible]